

CONTIDOS MÍNIMOS 2º ESO

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

- Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.
- As noticias na radio e na televisión. escoita e análise de textos orais informativos.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. escoita e comentario de textos orais.
- Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.
- Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.
- Expresión oral: narracións.
- A comunicación non verbal. Expresión oral: representación de diversas situacións.
- Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.
- Expresión oral: realización de enquisas.
- Expresión oral: solicitude.
- Expresión oral: representación dun diálogo.
- Expresión oral: participación en conversas e intercambio de opinións.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR

- Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.. O esquema: características. O mapa conceptual: pautas para a súa elaboración.
- Comprensión textual.
- Lectura e análise guiada do léxico de textos breves.
- Comprensión e interpretación de: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
- Comprensión de textos e expresión escrita.
- Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos dos medios de comunicación (noticias).
- Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.
- Uso das bibliotecas e das TIC para seleccionar información. A procura de información.
- Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais.
- Lectura expresiva en voz alta de textos diversos.
- Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto. Elaboración dun mapa conceptual.
- A presentación: criterios para a presentación de textos escritos.
- Expresión escrita: redacción dunha carta dirixida a un xornal. Elaboración dun anuncio. Expresión escrita: redacción dunha carta persoal.
- Expresión escrita: elaboración dunha ficha.

- Expresión escrita: redacción de textos narrativos breves. Redacción de textos descriptivos breves.
- Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito.
- Valoración da escritura como fonte de aprendizaxe e como forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios.
- Valoración da escritura.

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

- Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.
- Léxico: a casa por dentro. a alimentación. a diversidade social e cultural e a paz. a música. O noso contorno. A radio e a televisión. O cine e o teatro. O parentesco. O tempo cronolóxico.
- Os hiperónimos. Os antónimos.
- Os préstamos.
- As frases feitas.
- A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias. Letras e fonemas. Vogais e consoantes.
- Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta en calquera soporte
- Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos.
- O adxectivo. Os graos do adxectivo. As conxuncións comparativas.
- Transformación, corrección e comentario lingüístico de textos.
- O alfabeto. Letras e dígrafos. Uso de *h*. Uso de *b* / *v*. Uso de *s* / *x*.
- Grupos consonánticos *bl* / *br*. Grupos consonánticos *pl* / *pr*. Grupos consonánticos *fl* / *fr*. Uso de *-cc-* / *-ct-*. Grupos consonánticos *pc* e *pt*. Palabras terminadas en *-cio*, *-cia*, *-zo*, *-za*.
- A acentuación: regras xerais. O til diacrítico.
- Os signos de interrogación e exclamación. As parénteses. As comiñas.
- O punto. A coma. O punto e coma. Os dous puntos. Os puntos suspensivos.
- Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.
- A formación de palabras (I): lexema e morfemas. Morfemas flexivos e derivativos.
- A formación de palabras (II): prefixos e sufixos. Sufixos derivativos e apreciativos.
- O **substantivo**. O xénero. O número. Substantivos invariables.
- O **verbo**. As desinencias verbais. Partes do verbo. O tempo. O modo.
- A cohesión textual. Mecanismos de cohesión textual: anáfora, substitución e elipse.
- Os conectores textuais. Conectores aditivos, temporais e espaciais. Conectores opositivos, causais e organizadores.
- A frase: definición e clasificación.
- A cláusula. A cláusula: definición e clasificación. Tipos de cláusulas.
- O modificador.
- O suxeito e o predicado. Recoñecemento do suxeito dunha cláusula. Funcións do suxeito. Suxeito elidido.
- O complemento directo. O complemento indirecto. O complemento circunstancial.
- Análise de textos propios e alleos.
- Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.
- Comprensión dun texto bilingüe (galego-inglés).

BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

- Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
- O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Linguas minoritarias e minorizadas. O caso galego. Situación sociolingüística do galego.
- A lusofonía.
- O galego no ámbito local. Toponimia e antroponimia.
- O galego na súa contorna. A transmisión lingüística.
- Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.
- A normalización. O galego no ámbito educativo.
- Situación legal das linguas do Estado español. Lei de normalización lingüística.
- Prexuízos lingüísticos.
- Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.
- Os rexistros da fala. A variedade estándar.
- Estándar e prexuízos.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

- Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.
- Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos.
- Lectura comprensiva de textos poéticos.
- Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.
- Lectura comprensiva e dun texto teatral.
- Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
- Actividades de comprensión textual.
- Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.
- Análise de textos narrativos, descritivos e dialogados. Análise de textos poéticos.
- Expresión escrita: creación de poemas, descricións, diálogos breves
- Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.
- Uso das bibliotecas virtuais e dos catálogos dixitais.

FERRAMENTAS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

3.2 Avaliación (ferramentas e criterios de cualificación) 1º, 2º, 3º ESO

Se atendemos ao espírito da norma debemos recoñecer a avaliación como instrumento de medir o grao de consecución dos obxectivos propostos e a adecuación da metodoloxía empregada no proceso de aprendizaxe. Con esta intención tentamos recoller e valorar os contidos desenvolto (conceptuais e procedementais).

Así obteremos a nota de avaliación:

Ata un 50% por resolución de exames. Probas (exposición escrita, preguntas obxectivas de resposta breve ou de opción múltiple, preguntas abertas, resolución de exercicios) que demostrarán a asimilación de conceptos e a aplicación destes na resolución de situacións propostas. Para que se poida optar ao aprobado final ou parcial a nota deste apartado non deberá ser inferior nunca a un 3'5 sobre 10 puntos.

- **As faltas de ortografía restarán nas probas escritas: -0,10 (nunca a falta reiterada) ata un máximo de 1,5 puntos por proba.**

Ata un 30% por exercicios da clase, lecturas, traballos individuais e grupais, tarefas na aula e da casa (creación de textos...), resolución de **procedementos** aplicados na aprendizaxe.

- **A proba que se realice para comprobar a lectura do libro, que será oral ou escrita, non excederá de 1,5 puntos.**
- **Non realizar as tarefas marcadas, non ter o material (caderno, libro...) en situacións reiteradas, restará -0,10, ata un máximo de 1 punto por avaliación.**

Ata un 20% no control e capacidade oral. Neste apartado avalíase a capacidade lingüística (incorporación de léxico, autonomía oral, modulación, entoación, prosodia, fonética...) e actitude oral (interese por incorporar o dominio lingüístico a todos os actos de comunicación na aula) **Neste apartado puntuarán: debates, presentacións ou exposición orais, gravacións en vídeo ou audio..., exames orais (libro de lectura)**

3.4 Avaliación oral (1º, 2º, 3º, 4º)

A competencia oral do alumnado (tanto capacidade como actitude oral), correspondente ao bloque de expresión oral e comprensión oral, permite unha análise secuenciada ao longo do período avaliativo, esta análise secuenciada constatarase mediante a observación diaria das súas intervencións na aula e nas exposicións orais tanto individuais como en grupo ou en parella. Para este fin empregaremos escalas de valoración cos seguintes criterios: adecuación, interacción, coherencia e cohesión, pronuncia e entoación, gramática e léxico. Puntúa no apartado de control e capacidade oral.

3.5 A Recuperación

Diferénciase entre aqueles contidos que precisan dunha asimilación progresiva e polo tanto forman parte da avaliación continua (non se someterán a exame de recuperación) e aqueloutros que podemos considerar terminativos (etapas literarias, sociolingüística...) que si serán recuperables despois de cada trimestre.

3.5.1 A Recuperación (1º e 2º ESO)

Non hai recuperacións parciais, trimestre a trimestre. A progresión e a solución das dificultades obsérvase nas melloras acadadas en avaliacións posteriores. Aqueles alumnos que non consigan o aprobado na terceira avaliación, optarán a un exame global antes da nota final ordinaria.

3.6 Avaliación ordinaria e extraordinaria

Tanto o exame final como o extraordinario de setembro avalían o manexo máis conceptual da materia, non obstante, aínda conseguindo unha competencia mínima nestes conceptos, deberase demostrar tamén unha habilidade aceptable na expresión comunicativa: adaptación ás propiedades textuais (adecuación, coherencia, cohesión e gramaticalidade). Ambas as probas avaliaranse entre: 0-10 puntos.